



Mediante Resolución Rectoral do 2 de setembro de 2003 aprobouse o plano de estudos de Enxeñería Química, que substitúe o aprobado por Resolución Rectoral do 5 de setembro de 1994 implantándose no curso 2003/2004 o primeiro ciclo e no 2004/05 o segundo.

No plano de estudos de 2003 hai dúas materias obrigatorias correspondentes ó primeiro ciclo que non teñen equivalencia no plano de estudos de 1996 e que moitos dos alumnos que se adapten o plano novo non terían oportunidade de cursar.

Co obxecto de complementa-lo perfil académico dos alumnos da titulación de Enxeñería Química do plano de estudos de 1996, e logo do informe do centro, este Rectorado

RESOLVE:

Primeiro. Ofertar como materia de libre elección ós alumnos matriculados no plano de estudos de Enxeñería Química de 1994 as materias de 424112313 Electrotecnia, e 424112312 Elasticidade e Resistencia de Materiais do 2º cuadrimestre. Estas materias non están sometidas a preinscripción .

Segundo. No caso de que estes alumnos se adapten posteriormente ó plano de estudos do 2003, estas materias non poderán cursalas de novo, podendo imputalas no expediente como materias de libre elección, ou co carácter propio (obligatorias) de se-lo caso.

Terceiro. Estes alumnos deberán formaliza-la súa matrícula ó abeiro da alínea 7.2 da Convocatoria de matrícula do curso 2003/2004 sendo o prazo de matrícula do 1 ó 31 de marzo (Anexo I VII Solicitud e matrícula en materias de libre elección).

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2004
O RECTOR,


Senén Barro Ameneiro

Ilmo. Sr. Director da E.T.S. de Enxeñería
Sr. Secretario Xeral Adxunto
- Sr. Xefe do Servicio de Xestión Académica
Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do Campus Sur